

## ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CABANA DE BERGANTIÑOS

*Anuncio delegación de competencias de Alcaldía en Concelleiros*

### ANUNCIO DE DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS DE ALCALDÍA EN CONCELEIROS

Tras a constitución da nova Corporación municipal o día 17 de xuño de 2023 , con motivo das últimas eleccións municipais celebradas o día 28 de maio , faise público o decreto 331 de 19/06/2023:

En virtude das atribucións que me confiren os arts. 23 da Lei 7/1985, de 2 de Abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, art. 61 da Lei 5/1997, de 22 de Xullo, de Administración Local de Galicia e arts. 43 e 44 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais de 28 de Novembro de 1.986, e sendo competencia do Alcalde efectuar as delegacións nos Concelleiros que estime pertinente, **resolvo**:

**Primeiro:** Efectuar delegacións especiais de servizo ao abeiro do art. 43.5.b do ROF nos seguintes concelleiros:

CONCELLARÍA DELEGADA DE SANIDADE, IGUALDADE E SERVIZOS SOCIAIS: Sheila Recarey Varela.

CONCELLARÍA DELEGADA DE EDUCACIÓN E XUVENTUDE: Sandra Méndez Blanco.

CONCELLARÍA DELEGADA DE ECONOMÍA, INDUSTRIA E URBANISMO: Borja Andrade Montes.

CONCELLARÍA DELEGADA DE TRABALLO E FORMACIÓN : Sonia Sande Lista.

CONCELLARÍA DELEGADA DE RELACIÓNS VECIÑAIS E PARTICIPACIÓN CIDADÁ: Begoña Torrado Lema.

CONCELLARÍA DELEGADA DE OBRAS E SERVIZOS: Carlos Allo Cundíns.

De conformidade co previsto no art. 43.5 b) do citado R.O.F., as citadas delegacións comprenden a dirección interna e a xestión dos servizos correspondentes, pero non inclúen a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros. A facultade resolutoria corresponde a Alcaldía.

**Segundo:** Conste a facultade de avocación nos termos establecidos no art. 10 da Lei 40/2015, de 1 de outubro , de Réxime xurídico do Sector Público.

**Terceiro:** Notificar a presente resolución aos designados que se considerará aceptada tácitamente se no termo de tres días hábiles desde o día seguinte a notificación non se manifesta o contrario.

**Cuarto:** Remitir a resolución do nomeamento ao B.O.P da Coruña para a súa publicación, igualmente publicar a resolución no Taboleiro de Anuncios do Concello residenciado na sede electrónica, sen prexuízo da súa efectividade desde o día da firma da resolución pola alcaldía.

**Quinto:** Dar conta ao Pleno da Corporación na sesión extraordinaria que se convoque en cumprimento do previsto no art. 38 do ROF.

Cabana de Bergantiños, na data de sinatura electrónica (19/06/2023). O alcalde, José Muíño Domínguez

Cabana de Bergantiños, 20/06/2023

O Alcalde,

José Muíño Domínguez